

EXP. 91/2025

M^a DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 18/02/2025 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

“

6.1. Bases xerais e convocatoria que rexerá a concesión de axudas por nacemento ou adopción a través do ‘Cheque bebé 2025’ (Exp. 91/2025)

Dáse conta das bases xerais elaboradas para rexer a concesión de axudas por nacemento ou adopción a través do ‘Cheque bebé 2025’, en réxime de concorrencia non competitiva de conformidade co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e na Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Toén publicada no BOP nº 19, de data 25/01/2005.

Tras o exame das bases, a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos/as os/as concelleiros/as que a integran e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 26/06/2023 (BOP nº 154, do 06/07/2023), ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases xerais e a convocatoria para a concesión de axudas por nacemento ou adopción a través do ‘Cheque bebé 2025’, que se unen como anexo ao presente acordo, e dispor a súa publicación na sede electrónica municipal (<http://concellodetoen.sedelectronica.es>) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.infosubvenciones.es>), así como un extracto no Boletín oficial da provincia de Ourense.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto correspondente á convocatoria polo importe máximo de 3.500,00 €, con cargo á aplicación 231.48 do estado de gastos do vixente orzamento municipal do exercicio 2025, prorrogado do 2024.

ANEXO

EXP. 91/2025 BASES XERAIS E CONVOCATORIA QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AXUDAS POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN A TRAVÉS DO ‘CHEQUE BEBÉ 2025’

As presentes bases e convocatoria que rexerán as axudas polo nacemento ou adopción dun/dunha fillo/a fanse ao abeiro da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Ordenanza municipal reguladora publicada no BOP nº 19, de data 25/01/2005.

PRIMEIRA.- OBXECTO E RÉXIME DAS AXUDAS

- 1. O obxecto é fixar as bases reguladoras para o ano 2025 das axudas e subvencións polo nacemento ou adopción dun/dunha fillo/a que concede o Concello de Toén.*
- 2. O obxectivo das axudas é contribuir a satisfacer as necesidades e aspiracións da vecindade e, en particular, prestar atención ás familias, tal e como dispón a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e convivencia de Galicia.*
- 3. A concesión destas axudas realízase mediante o réxime de concorrencia non competitiva.*



4. Un extracto da presente convocatoria publicarase no Boletín oficial da provincia de Ourense a través da Base de Datos Nacional de Subvencións, sen prexuízo da súa inserción íntegra no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<http://concellodetoen.sedelectronica.es>).

SEGUNDA.- FINANCIAMENTO

Para a concesión das axudas convocadas destínase a cantidade de 3.500,00 €, que se financiará con cargo á aplicación 231.48 do estado de gastos do vixente orzamento municipal do exercicio 2025, prorrogado do 2024.

Este crédito poderase incrementar no suposto de que sexa insuficiente para atender a todas as solicitudes presentadas que cumpran cos requisitos establecidos nas presentes bases.

TERCEIRA.- CONTÍAS E DESTINO DAS AXUDAS

1. A contía das axudas será de 250,00 € por cada fillo/a nado/a ou adoptado/a, ata o esgotamento do crédito dispoñible.
2. O pagamento da axuda realizarse nun único pagamento a través da entrega dunha tarxeta 'Cheque bebé', cuxo uso réxese polas seguintes condicións:
 - Terá que destinarse á adquisición de bens relacionados coa maternidade e coas necesidades básicas do/a menor.
 - Terá que realizarse o gasto nos seguintes establecementos: farmacia e botica do Concello de Toén.
 - Terá que realizarse o gasto no prazo máximo de 6 meses desde a data da entrega da tarxeta.
 - As persoas beneficiarias autorizan o endoso das correspondentes facturas que expida a farmacia e a botica do Concello de Toén, que figurarán a nome da persoa beneficiaria e serán pagadas directamente polo Concello de Toén.

CUARTA.- PERSOAS BENEFICIARIAS E REQUISITOS

Serán persoas beneficiarias as nais ou pais que tivesen un/unha fillo/a, ou adoptasen un/unha fillo/a menor de 4 anos, así como os/as titores/as coa patria potestade ou tutela en caso de falecemento dos/as pais/nais, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- Que o nacemento ou a adopción tivese lugar entre os días 01/12/2024 e 30/11/2025.
- Que a persoa solicitante sexa española ou estranxeira con residencia legal en España.
- Que a persoa solicitante estea empadroada no Concello de Toén cunha antigüidade mínima de 1 ano no momento do nacemento ou adopción (en caso de autorización, comprobarase de oficio polo órgano instructor do procedemento).
- De ser o caso, que a outra persoa proxenitora ou adoptante estea empadroada no Concello de Toén no momento da solicitude (en caso de autorización, comprobarase de oficio polo órgano instructor do procedemento).
- Que o/a neno/a estea empadroado/a no domicilio da persoa solicitante no momento da solicitude (en caso de autorización, comprobarase de oficio polo órgano instructor do procedemento).

QUINTA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

1. A presentación da solicitude da axuda presume a aceptación incondicional das bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas que se conteñen nela.
2. A solicitude presentarase no modelo de instancia normalizado (anexo I), que será publicado na sede electrónica municipal (<http://concellodetoen.sedelectronica.es>).
3. A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:
 - Fotocopia do DNI ou da tarxeta de residencia da persoa solicitante.
 - Fotocopia do libro de familia, ou certificado de nacemento, ou copia da resolución xudicial da adopción.
 - Certificado de empadroamento da persoa solicitante, do neno/a e, de ser o caso, da outra persoa proxenitora ou adoptante (salvo que se autorice ao Concello á súa comprobación de oficio).
 - Declaración responsable de que cumpre cos requisitos para acceder a estas axudas establecidos nas bases da convocatoria (incluída na solicitude).
 - Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal, autonómica e local, e coa Seguridade Social (incluída na solicitude).
 - Declaración responsable de non incorrer en ningunha das causas que impiden obter a condición de beneficiario segundo o artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (incluída na solicitude).
 - Declaración responsable de que se compromete a cumprir as obrigas que para as persoas preceptoras de axudas e subvencións establece o artigo 14 da dita Lei 38/2003, do 17 de



novembro, xeral de subvencións (incluída na solicitude).

- Declaración responsable de non ter solicitado nin obtido ningunha outra subvención, axuda, ingreso ou recurso para a mesma finalidade, procedente de calquera administración ou ente público ou privado que resulte incompatible coa presente axuda (incluída na solicitude).

SEXTA.- LUGAR E PRAZO

1. As solicitudes da axuda presentaranse no rexistro xeral do Concello de Toén ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. O prazo para a presentación das solicitudes comeza o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Ourense e remata o día 15/12/2025.

SÉTIMA.- ÓRGANO DE INSTRUCCIÓN

A competencia de instrución do procedemento de concesión corresponderalle á traballadora social do Concello.

Realizaranse de oficio cantas actuacións se estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

OITAVA.- ÓRGANO COMPETENTE PARA RESOLVER E PUBLICIDADE DA CONCESIÓN

Cada solicitude presentada será avaliada polo órgano instrutor e este elevará informe á Alcaldía, quen formulará proposta de resolución que se someterá á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver.

A resolución ditarase no prazo máximo de un mes dende a data da presentación de cada solicitude.

Os acordos de outorgamento serán obxecto de publicación na sede electrónica municipal (<http://concellodetoen.sedelectronica.es>) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.infosubvenciones.es>), con expresión das persoas beneficiarias e da contía das subvencións concedidas.

NOVENA.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas beneficiarias destas axudas obríganse a observar o disposto no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e especificamente a:

- a) Comunicar calquera variación que se produza na situación familiar que poida dar lugar á perda da axuda.
- b) Responsabilizarse e cumprir as condicións de uso establecidas para a tarxeta 'Cheque bebé' e a destinala exclusivamente á finalidade para a que foi concedida.
- c) Comunicar a perda, roubo ou extravío da tarxeta ao Concello de Toén.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación ou de control financeiro que efectúe o órgano concedente, para o que deberán de achegar canta información lles sexa requirida.
- e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso para a mesma finalidade, procedente de calquera administración ou ente público ou privado que resulte incompatible coa presente axuda.

DÉCIMA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

Tendo en conta que as axudas previstas nestas bases se conceden en atención á concorrencia nas persoas beneficiarias da situación prevista na súa base cuarta, de acordo co previsto no artigo 30.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, non se requirirá a rendición da conta xustificativa regulada nese artigo, sen perxuízo, en todo caso, da necesaria acreditación da situación que xustifica a concesión da subvención previamente á súa concesión e o cumprimento das obrigas materiais e formais establecidas nestas bases.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

En todo o non especificado nestas bases ateranse ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións do Concello de Toén.

Tamén se aplicará a lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

ANEXO I.- SOLICITUDE AXUDAS POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN A TRAVÉS DO 'CHEQUE BEBÉ 2025' (EXP. 91/2025)

Nome e apelidos da persoa solicitante:	DNI/NIE:
Enderezo:	Teléfono:



Correo electrónico:	
Nome e apelidos da persoa proxenitora/adoptante non solicitante (de ser o caso):	DNI/NIE:
Nome e apelidos do/a fillo/a:	Data de nacemento/adopción:

DECLARO BAIXA A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que cumpro cos requisitos para acceder a axuda do 'Cheque bebé 2025'.
- Que me atopo ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal, autonómica e local, e coa Seguridade Social.
- Que non incurso en ningunha das causas que impiden obter a condición de beneficiario/a segundo o artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 127 de novembro, xeral de subvencións.
- Que me comprometo a cumprir coas obrigas que para as persoas perceptoras de axudas e subvencións establece o artigo 14 da dita Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Que non teño solicitado nin obtido ningunha outra subvención, axuda, ingreso ou recurso para a mesma finalidade, procedente de calquera administración ou ente público ou privado que resulte incompatible coa presente axuda.

Toen, _____ de _____ de 2025

Asdo:

AUTORIZACIÓN DA PERSOA PROXENITORA/ADOPTANTE NON SOLICITANTE

Autorizo ao Concello de Toén para que comprobe que estou empadroad/a no Concello de Toén.

Toen, _____ de _____ de 2025

Asdo:

Información básica sobre protección de datos

Normativa: Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo (RGPD) / Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Responsable: CONCELLO DE TOÉN

Finalidade: Xestión e tratamento de datos persoais das persoas solicitantes da axuda 'Cheque bebé 2021'.

Lexitimación: O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos á persoa responsable do tratamento *RGPD art.6.1 e)* e o consentimento da persoa interesada *RGPD art.6.1 a)*.

Persoas destinatarias: Non se producirán comunicacións de datos a terceiros/as, salvo por obrigación legal. En determinados casos poderán ser publicados os datos persoais nos termos previstos na lexislación vixente, a través do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, a fin de dar a publicidade legalmente esixida.

Dereitos: Poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, e a limitación ou oposición ao seu tratamento, a retirar o consentimento prestado e a reclamar ante a Autoridade de Control, tal como se indica na información adicional.

Información adicional: Toda a información facilitada poderá obtela ampliada en www.toen.es.

CONSENTIMENTO EXPRESO Á CONSULTA DE DATOS PERSOAIS

Manifesto expresamente a miña autorización para que os datos que obran en poder da propia administración sexan consultados directamente, non tendo que achegar pola miña parte a documentación requirida (Certificado de empadramento da persoa solicitante e do/a fillo/a).

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e prace do alcalde en Toén na data da sinatura electrónica.

(Documento asinado electronicamente)

